



O Concurso de Postais e felicitações de Nadal e aninovo pretende promover a reflexión sobre o significado desta celebración e os seus valores na sociedade actual; apoiar a participación da mocidade no ámbito artístico e creativo e fomentar o uso da lingua galega.

Dadas as actuais circunstancias derivadas da COVID-19 este ano imos facer variacións que nos permitan realizar o concurso con seguridade e cumprindo todas as normas e medidas sanitarias. **A presentación dos traballos será EN LIÑA.**

Condicións xerais

- A **temática** será o Nadal: felicitações, imaxes propias destas festas, entrada no novo ano, mensaxes solidarias,... Interpretación libre, creativa e orixinal.
- Se hai **texto ou audio**, deberá ser en galego.
- Cada persoa presentará **unha única postal ou felicitación**, que deberá ser **inédita** e non estar suxeita a dereitos de autoría.
- A **técnica será libre** pero deberá encaixar nalgún dos formatos e modalidades propostas.

Formatos de presentación e idades:

FORMATO POSTAIS:

POSTAIS- MODALIDADE SIMPLE (sen volume):

- Categoría A: idades de 2 a 4 anos
- Categoría B: idades de 5 a 8 anos
- Categoría C: idades de 9 a 12 anos
- Categoría D: idades de 13 a 18 anos

**As postais simples que ó abrirense adquiren pouco volume considéranse MODALIDADE SIMPLE.*

POSTAIS- MODALIDADE TRIDIMENSIONAL-VOLUMINOSA (con volume, altura, anchura e profundidade).

- Categoría T1: 5 a 8 anos
- Categoría T2: 9 a 12 anos
- Categoría T3: 13 a 18 anos

FORMATO FELICITACIÓN AUDIOVISUAL:

Participar no concurso enviando unha felicitación de Nadal ou de aninovo presentando un vídeo que pode conter: imaxes, son, textos, animacións, etc.

FELICITACIÓN AUDIOVISUAL - MODALIDADE **VÍDEO**:

- Categoría A1: 5 a 8 anos
- Categoría A2: 9 a 12 anos
- Categoría A3: 13 a 18 anos
- Categoría AF: familiar. Todas as idades.

Requisitos DOS VÍDEOS de felicitación audiovisual:

A maiores das condicións xerais os vídeos terán unha duración máxima 3 minutos e farán referencia á temática deste concurso "Felicitación de Nadal/Aninovo desde Soutomaioir".

Pode presentarse de xeito **individual ou familiar**.

Como facer a presentación

1º PASO: Elaboración da postal ou felicitación tendo en conta as condicións xerais e os formatos.

2º PASO: Presentación. Como?

1. Entra na web:
<https://www.gabinetesoutomaioir.com/index.php/progr/amas-xuventude/concurso-postais-de-nadal-2020>
2. Escolle o formato e modalidade na que te inscribes.
3. Cumprimenta o formulario.

NON debe figurar nos traballos os nomes das persoas. Os datos persoais xa figuran na ficha de inscrición. Os traballos catalóganse a través de códigos de inscrición e así xa sabemos a quen pertencen. Estes datos non figurarán na web por protección de datos e para garantir o anonimato.

Prazo de presentación

- O prazo de presentación para todas as modalidades **REMATARÁ O MÉRCORES 16 DE DECEMBRO ÁS 14.00 HORAS.**
- A votación popular na web pecharase o domingo 20 de decembro ás 23.00 h

Entrega de premios

Dado que este ano non poderemos realizar un acto de entrega por motivos da pandemia e por prudencia para evitar aglomeracións de persoas. Así que faremos unha entrega dos premios a domicilio.

A partir do día 21 de decembro publicaranse as postais premiadas e logo a OMIX porase en contacto con todas as persoas premiadas para concertar data e hora da entrega que se realizará nos días previos ó 24 de decembro de 2020

O agasallo por participar recollerase na OMIX para o cal haberá que pedir cita previamente no Whatsapp +34 638 82 28 68.

O Xurado

- O concurso poderá declararse deserto, no seu conxunto ou nalgunha das categorías anteriormente mencionadas. A decisión do xurado será pública e inapelable.
- Se quedan premios desertos nalgunha categoría o xurado poderá derivalos a outra categoría si se considera oportuno porque haxa moita participación e moita calidade nos traballos presentados.
- Excluíranse e quitaranse da web as presentacións que se consideren ofensivas, insultantes ou inapropiadas.
- Xurado conformado por persoas coñecedoras das distintas disciplinas plásticas e audiovisuais, así como representantes de colectivos que traballen no ámbito educativo e da cultura: profesorado, artistas, etc. A reunión será virtual e levantará acta da sesión a Técnica de Xuventude.

Criteria de selección do xurado

Teranse en conta os criterios xerais especificados nas bases en canto á presentación e, ademais:

- No caso das postais que a imaxe enviada véxase ben.
- Aplicación e orixinalidade no uso das técnicas.
- Calidade no acabado, boa presentación, innovación.
- Creatividade e orixinalidade no tratamento da idea.
- Idade das persoas participantes en relación á autoría (que non teñan axuda).
- Referencias a lugares, costumes, tradicións, etc. do Concello de Soutomaior.
- Mensaxe acorde á temática do concurso.

A PARTICIPACIÓN NESTE CONCURSO IMPLICA QUE A PERSOA ACEPTA INTEGRAMENTE ESTAS BASES.

Nos traballos presentados si aparecen fotografías e montaxes de deseño por ordenador especificaranse as fontes para que o xurado poida valorar o traballo realizado pola persoa. (acompañar documento inicial).

A votación popular

Recibirá o premio a postal ou audiovisual que reciba máis votos na web.

Poderase votar unha única vez por cada postal ou felicitación.

Exposición

As postais quedarán expostas virtualmente na web.

Premios

Haberá un agasallo para todas as persoas que participen.

POSTAIS- MODALIDADE TRIDIMENSIONAL/VOLUMINOSA (con volume, altura, anchura e profundidade)					
A temática será o Nadal. Texto deberá ser en galego. A técnica será libre. Inédita e non estar suxeita a dereitos de autoría. Individual.					
CATEGORÍAS	1º PREMIO	2º PREMIO	3º PREMIO	4º PREMIO	5º PREMIO
T1 5 a 8 anos	LOTE DE NADAL + VALE 50€	LOTE DE NADAL + VALE 30€	LOTE DE NADAL + VALE 20€	LOTE DE NADAL	LOTE DE NADAL
T2 9 a 12 anos	LOTE DE NADAL + VALE 50€	LOTE DE NADAL + VALE 30€	LOTE DE NADAL + VALE 20€	LOTE DE NADAL	LOTE DE NADAL
T3 13 a 18 anos	LOTE DE NADAL + VALE 50€	LOTE DE NADAL + VALE 30€	LOTE DE NADAL + VALE 20€	LOTE DE NADAL	LOTE DE NADAL

POSTAIS- MODALIDADE SIMPLE (sen volume)					
A temática será o Nadal. Texto deberá ser en galego. A técnica será libre. Inédita e non estar suxeita a dereitos de autoría. Individual.					
CATEGORÍAS	1º PREMIO	2º PREMIO	3º PREMIO	4º PREMIO	5º PREMIO
A 2 a 4 anos	LOTE DE NADAL + VALE 50€	LOTE DE NADAL + VALE 30€	LOTE DE NADAL + VALE 20€	LOTE DE NADAL	LOTE DE NADAL
B 5 a 8 anos	LOTE DE NADAL + VALE 50€	LOTE DE NADAL + VALE 30€	LOTE DE NADAL + VALE 20€	LOTE DE NADAL	LOTE DE NADAL
C 9 a 12 anos	LOTE DE NADAL + VALE 50€	LOTE DE NADAL + VALE 30€	LOTE DE NADAL + VALE 20€	LOTE DE NADAL	LOTE DE NADAL
D 13 a 18 anos	LOTE DE NADAL + VALE 50€	LOTE DE NADAL + VALE 30€	LOTE DE NADAL + VALE 20€	LOTE DE NADAL	LOTE DE NADAL

FELICITACIÓN AUDIOVISUAL - MODALIDADE VÍDEO					
A temática será "Felicitación de Nadal/Aninovo desde Soutomaior". Texto ou audio deberá estar en lingua galega. Duración máxima 3 minutos. Inédita e non estar suxeita a dereitos de autoría. Individual ou familiar.					
INDIVIDUAL					
CATEGORÍAS	1º PREMIO	2º PREMIO	3º PREMIO	4º PREMIO	5º PREMIO
A1 5 a 8 anos	LOTE DE NADAL + VALE 50€	LOTE DE NADAL + VALE 30€	LOTE DE NADAL + VALE 20€	LOTE DE NADAL	LOTE DE NADAL
A2 9 a 12 anos	LOTE DE NADAL + VALE 50€	LOTE DE NADAL + VALE 30€	LOTE DE NADAL + VALE 20€	LOTE DE NADAL	LOTE DE NADAL
A3 13 a 18 anos	LOTE DE NADAL + VALE 50€	LOTE DE NADAL + VALE 30€	LOTE DE NADAL + VALE 20€	LOTE DE NADAL	LOTE DE NADAL
FAMILIAR					
CATEGORÍA	PREMIO ÚNICO				
AF (todas as idades)	CESTA DE NADAL VALORADA EN 100€				

POR VOTACIÓN POPULAR	
Na web poderedes votar a que máis vos gusta simplemente pinchado nela. A que máis votos reciba será a premiada.	
CATEGORÍAS	PREMIO ÚNICO
POSTAIS- MODALIDADE SIMPLE (sen volume)	LOTE DE NADAL
POSTAIS- MODALIDADE TRIDIMENSIONAL/VOLUMINOSA	LOTE DE NADAL
FELICITACIÓN AUDIOVISUAL - MODALIDADE VÍDEO	LOTE DE NADAL